



## ***Amigas das Árbores***

### ***Outeiro das tres Vertentes-Monte Talariño***

***11 de decembro Día Internacional das montañas***

**Se perdemos a terra, perdemos a cultura, se perdemos a cultura, perdemos a paz, se perdemos a paz, perdemos a comunidade, se perdemos a comunidade, perdemos a nosa forma de vida. Para sempre!!!!**

*Mokompo ole Simel (Olioboni Kitok)*

*Montañas de Loita*



**O 11 de decembro celébrase o Día Internacional das Montañas.** As montañas son ecosistemas fráxiles que temos a obriga de protexer, que están incluídas nos compromisos aprobados polas Nacións Unidas **Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da ONU "Axenda2030"**, obxectivos recollidos concretamente no *Obxectivo Número 15*.

Temos moitas razóns e hai moitos motivos para dicir que as montañas son importantes para todos e todas nós, un resumo de algunhas das razóns:

- As montañas cobren o 22 por cento da superficie da Terra.
- Nas montañas habita o 15 por cen da poboación do planeta, ao redor de mil millóns de persoas.
- Máis da metade da poboación mundial depende das montañas para abastecerse de auga, alimentos e enerxía.
- As montañas aportan entre o 60 e o 80 por cen da auga doce do planeta.
- Moitas comunidades, que viven nas rexións altas dependen das montañas, mais tamén dependen delas rexións e comunidades que viven nas zonas máis baixas.
- As montañas xogan un papel fundamental na xeración de enerxías renovables, especialmente, a enerxía hidráulica, solar, eólica e o biogás.

Mais sendo ecosistemas vitais e imprescindibles para a conservación da vida na Terra, as montañas están en perigo debido á emerxencia climática, á degradación dos solos, á explotación irracional dos seus recursos...

Xa no 1992, as Nacións Unidas aprobaron un plano de acción chamado **Programa 21** onde se incluía un apartado sobre a "**Ordenación dos Sistemas Fráxiles: Desenvolvemento Sustentable das Zonas de Montaña**".

Por todo o anterior, e por outras moitas máis razóns a comunidade internacional (a Asemblea Xeral da ONU) proclamou o ano 2002 como **Ano Internacional das Montañas**, e dende entón o 11 de decembro é o **Día Internacional das Montañas**.

Sendo as montañas os "**Santuarios da Biodiversidade**", sendo vitais para a supervivencia da humanidade non podemos permitir as políticas especulativas que están estragando estes ecosistemas.

***Outeiro das tres vertentes, Montaña do Talariño (11 de decembro de 2021)***